XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22

PLAN DIXITAL

I.E.S. Monte Castelo Burela

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

1.3. Breve xustificación do mesmo

1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

IES Monte Castelo
Rúa do Ril s/n 27780 Burela (LUGO)
Correo electrónico: ies.monte.castelo.@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmontecastelo/

O IES Monte Castelo é un centro público de ensinanza secundaria que posúe na actualidade (curso 2021-2022) unha matrícula de 409 alumnos e alumnas. No actual curso traballan nel 54 docentes, 8 persoas de persoal de administración e servizos propios, un auxiliar de conversa, máis tres docentes da sección da EOI de Viveiro.
Nel impártese a ESO, Bacharelatos (Artes, Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais), a ESA, o Bacharelato de Adultos semipresencial, o Ciclo medio de Coidados auxiliares de enfermería (Ordinario e de Adultos), o Ciclo superior de Saúde Ambiental e o Ciclo superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva. Ademais oferta CUALE de Inglés e Francés, Aula Mentor.
É centro colaborador do IES San Clemente de Santiago de Compostela para matrícula e realización de exames de Bacharelato a distancia na comarca.
Tamén conta cunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Viveiro.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Características socioeconómicas do entorno.

O concello uniparroquial de Burela é de recente creación (1995) trala segregación do primixenio concello de Cervo. Abarca un territorio de 7,78 km² e conta con 9.428 habitantes (datos de 2021), que ascenden a uns 10.000 de contarse a poboación non censada.
Nos últimos cincuenta anos a vila cambiou a súa fisionomía totalmente: as ampliacións do porto permitiron o seu desenvolvemento comercial e pesqueiro, e en consecuencia, o seu crecemento demográfico. Posteriormente, a instalación nas súas proximidades, de Alcoa contribuíu aínda máis á súa expansión, así como a proximidade da fábrica de Sargadelos e o Hospital da Mariña. Hoxe conta unha poboación da que pode dicirse que, apenas mil persoas son burelaos de terceira xeración.

Burela posúe unha importante actividade económica centrada principalmente na industria pesqueira. O sector do mar acolle un número nada desprezable de

traballadores inmigrantes: a comunidade caboverdiana representa o 10% do total da súa poboación; mentres que a segunda comunidade en importancia é a peruana.
Por outro lado, a presenza da factoría ALCOA, motivou a chegada de familias procedentes de varios puntos de España (sobre todo de Asturias, Valladolid e Puertollano). Tal e como xa se mencionou, na localidade burelense tamén se sitúa o hospital de referencia da área norte da provincia de Lugo, o que da lugar a un elevado movemento de persoas e, así mesmo, á implantación de pequenas empresas do sector servizos. Trátase pois, dunha vila puxante na que a poboación aumenta constantemente, e isto provoca un gran auxe da construción que leva a un crecemento desordenado do seu trazado urbanístico.

É polo tanto destacable, a incorporación de alumnado inmigrante xunto con alumnado doutros lugares de Galicia así como do conxunto do Estado español que trasladan a matrícula debido a que os seus proxenitores veñen traballar a esta vila. No nivel de Bacharelato hai que engadir ao alumnado do propio centro, aquel que chega procedente de concellos veciños que carecen de Bacharelato ou ben non posúen a modalidade requirida polo alumno. A situación socioeconómica das familias das que proveñen os alumnos é variada: trátase de fogares de mariñeiros, obreiros, funcionarios ou autónomos de clase media.

- Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo.

O IES Monte Castelo é un centro que tradicionalmente procura a vangarda das innovacións en materia educativa. Proba disto é o número de proxectos e programas educativos nos que está embarcado, tanto no eido das novas tecnoloxías como en outros campos os cales enumeramos a continuación:

- ✗ Dende hai varios anos o centro participa no programa **Abalar** e actualmente tamén ten implementado **Edixgal** dende 1º a 4º da ESO na maioría de materias.

- ✗ Actualmente é o único centro da provincia que conta con un **Espazo Maker** e ven de aprobar a solicitude dos **Polos Creativos**.

- ✗ Tamén dende hai bastantes anos, se ven participando en diferentes proxectos europeos dispoñendo da **CARTA ERASMUS ECHE** (2021-2027), a través da cal se coordinan estadías formativas en empresas estranxeiras dirixidas ao alumnado dos ciclos medios e dos superiores, alumnado de adultos e de ensino secundario no marco do Programa Erasmus+.

- ✗ Contamos con **tres seccións bilingües** aprobadas das cales están en funcionamento dúas. Participamos asemade no programa de **Auxiliares de conversa**, que asigna cada curso unha persoa que apoia o traballo dos docentes de lingua estranxeira e de seccións bilingües.

- ✗ Participípase no Plan de mellora da Biblioteca **PLAMBE** dende o 2008.

- ✗ Fórmase ao profesorado coa súa participación en **PFPPs** de diferentes liñas.

- ✗ Ao longo dos últimos cursos tamén participa tanto nos **Contratos-Programa** como no **Plan Proxecta** (este curso nas modalidades de "Clases sen fume" e "Parlamento Xove")

- ✗ No presente curso foi un dos 12 centros seleccionados en toda Galicia para tomar parte no programa **21 días co galego e +**.

No marco do Proxecto Educativo, o Plan Dixital vén sumar esforzos en prol dunha integración cada vez maior do uso das novas tecnoloxías en todos os terreos da labor educativa. Pretendemos aproveitar a inclusión no Plan para optimizar os recursos cos que conta o instituto e os coñecementos da comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación ao Plan Dixital é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Durante o presente curso 2021-2022 os docentes que formaron parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital levaron a cabo, seguindo as indicacións do grupo de asesores, as distintas fases do proxecto:

- Organización do proceso de realización das enquisas SELFIE para docentes e alumnado.
- Promoción da realización do test CDD entre o profesorado.
- Estudo dos resultados das enquisas SELFIE.
- Realización da análise DAFO do centro no eido das novas tecnoloxías.
- Elaboración do Plan de acción para o curso seguinte.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O tipo de conexión do Centro é de nova instalación (no 2018) con 500 Mbps simétricos por radiofrecuencia; aínda que temos que dicir que en varias medicións usando o velocímetro da Xunta obtivemos uns valores de descarga e subida de aproximadamente 140 Mbps que esperamos melloren para o futuro.
Temos 9 puntos de acceso wifi, 4 deles Abalar/Edixgal. Existen tomas de datos e wifi en todas as aulas e instalacións do centro.

Dispoñemos de 2 aulas de informática e 14 aulas dotadas de sistemas dixitais interactivos.

Contamos co seguinte equipamento:

- 86 ordenadores de sobremesa, 49 deles cunha antigüidade maior de 5 anos.
- 194 portátiles, dos cales 154 son equipamento Abalar/Edixgal (91 teñen máis de 5 anos).
- 13 tabletas.

O reparto dos aparatos por uso e localización é o seguinte:

- En aulas específicas de informática: 36
- En outras aulas (incluíndo equipamento Abalar/Edixgal): 195
- En dependencias de administración e xestión do centro: 13
- Noutras dependencias (biblioteca, departamentos, sala de profesorado...) 43
- Sen localización definida: 6

Por uso preferente poderiamos establecer esta clasificación:

- Tarefas administrativas: 13
- Tarefas educativas: 215
- Non asignados a unha tarefa preferente, os restantes.

En canto a outros equipos contabilizamos:

- 15 encerados interactivos dos cales 4 son Abalar/Edixgal
- 38 proxectores (4 Abalar/Edixgal)
- 5 escáneres
- 2 fotocopiadoras
- 5 impresoras en rede e 9 locais
- 4 armarios para carga de portátiles

Os servizos dixitais educativos que usa o centro son enteiramente corporativos, ou avalados pola Consellería. Conta con páxina web aloxada no servidor edu.xunta.gal onde se colga toda a información relevante e hai diversas ligazóns a distintos documentos e protocolos do centro.
Traballamos con Aula virtual Moodle asi como Edixgal en toda a ESO. Empregamos o espazoAbalar e Abalarmóbil así como o correo electrónico corporativo. Á hora de impartir docencia ou manter reunións en rede usamos o servizo Webex.

A xestión do mantemento do centro corre a cargo da empresa “Lindin.tic informática & comunicaciones”.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,4	2,4	2,3	
	Profesorado		3,1	2,8	3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,5	2,5	2,4	
	Profesorado		2,8	2,6	3	
	Alumnado		3,4	2,6	3	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,3	3,1	2,9	
	Profesorado		3,8	3,5	3,3	
	Alumnado		3,9	3,2	3,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,1	2,9	2,8	
	Profesorado		3,4	3	3,1	
	Alumnado					
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,4	3,6	3,3	
	Profesorado		3,9	3,8	4,1	
	Alumnado		4,1	4,1	4,1	
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,9	3	2,7	
	Profesorado		3,4	3,3	3	
	Alumnado		3,3	3,2	3,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,8	2,7	2,9	
	Profesorado		3	3	2,9	
	Alumnado		3,2	2,6	3,1	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		2,9	2,9	2,7	
	Profesorado		3,6	3,3	3,2	
	Alumnado		3,5	3,2	3,2	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	30	33	90,9 %
PROVISIONAL	6	8	75 %
INTERINO	10	13	76,9 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %
DESPRAZADO	0	0	

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	*73,8*	*Integrador/a (B1)*	*79,2*	*Integrador/a (B1)*
BAC	*78,5*	*Integrador/a (B1)*	*77,9*	*Integrador/a (B1)*
F.P	*72,1*	*Integrador/a (B1)*	*80,3*	*Integrador/a (B1)*
ESA	*124,7*	*Experto/a (B2)*	75,9	*Integrador/a (B1)*

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	*2*	*3,7 %*
A2	*23*	*42,6 %*
B1	*14*	*25,9 %*
B2	*13*	*24,1 %*
C1	*1*	*1,9 %*
C2	*1*	*1,9 %*
TOTAL	*54*	*100 %*

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	**INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO**	*1. O centro participa no proxecto Edixgal en toda a ESO.* *2. A gran maioría das aulas contan con conexión a internet, proxector e pantalla ou pizarra dixital.* *3. A Biblioteca dispón de dispositivos dixitais*	*1. A conexión a rede é pouco fiable e lenta. De calidade variable segundo a zona do centro.* *2. Falta espazo para proxectos de centro, como Espazo maker e Aula específica de música.*

		de préstamo para a comunidade educativa.	*3. Instalación eléctrica deficitaria.*
	PERSOAL DOCENTE	*1. O profesorado usa as tecnoloxías dixitais: procurando e creando recursos educativos ligados ás TIC.* *2. Participa en actividades de formación para actualizar as súas competencias dixitais.*	*1. Só unha pequena parte do profesorado comeza a usar as tecnoloxías dixitais antes que o resto dos/das compañeiras.* *2. O profesorado non avalía os seus progresos no terreo das novas tecnoloxías.* *3. En xeral o profesorado non participa en redes colaborativas profesionais.*
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	*1. A nota xeral en competencias dixitais do alumnado é boa.* *2. No centro o alumnado aprende a usar internet de xeito responsable.* *3. Ampla maioría do alumnado dispón de dispositivo dixital para o caso de aprendizaxe mixto.* *4. Motivación alta por parte dos/as estudantes á hora de empregar as TIC.*	*1. Existencia de alumnado adulto de maior idade cunha mínima alfabetización dixital.* *2. Non se usa a tecnoloxía suficientemente para que o alumnado poida observar e comentar o traballo dos compañeiros.* *3. Debemos mellorar en canto á retroalimentación que lle damos ao alumnado, así como facilitar máis a autoreflexión sobre o seu aprendizaxe.* *4. O alumnado non acaba de aprender a resolver de xeito autónomo problemas técnicos.*
	FAMILIAS	*1. Para comunicarse co centro as familias usan as canles de comunicación corporativas.*	*1. Non existe un ANPA de centro. O nivel de implicación das familias como colectivo pode mellorar.*
	OFERTA	*1. Hai unha xenerosa oferta de materias optativas e de libre configuración ligadas ás novas tecnoloxías: Programación en 1º da ESO e TIC en 4º da ESO e nos dous cursos de BAC.* *2. Na Biblioteca hai acceso á plataforma para lectura dixital ELBE-2.*	*1. No centro non se debate entre os distintos axentes sobre os pros e contras do uso das TD no proceso de ensinanza e aprendizaxe.*
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	*1. O centro usa de xeito activo as diferentes aplicacións dixitais da consellería, tanto para o proceso de ensinanza aprendizaxe como para comunicarse coas familias.* *2. O centro participa en proxectos relacionados coas competencias dixitais e a innovación (Edixgal, Espazo Maker)*	*1. O centro non conta cunha estratexia dixital ben definida.* *2. Non se utilizan tecnoloxías dixitais con fines de orientación profesional.* *3. Débese promover o uso do software libre no ámbito educativo.* *4. Hai marxe de mellora en canto ao coñecemento da normativa sobre adquisición de equipos dixitais.*

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	*1. Hai estabilidade laboral. O número de docentes con praza fixa no centro é alto con respecto ao total.*	*1. A redución do cupo de docentes por centro ameaza a capacidade de actuación individual destes.* *2. Máis da metade do claustro cree que as diferentes modalidades de formación non se axustan as súas necesidades.* *3. O proceso de instalación de software libre necesario para a creación de recursos dixitais nos equipos Edixgal é lento e incómodo.* *4. Os recursos dixitais dispoñibles na plataforma Edixgal son pouco variados e non sempre eficaces didáctica e tecnoloxicamente.* *5. Escasa oferta de formación en competencias dixitais para as familias.*
	LEXISLACIÓN		*1. Excesiva carga horaria lectiva para o profesorado e poucas reduccións para os coordinadores e participantes dos proxectos.* *2. Estudos (principalmente en FP) con déficits importantes no eido das TIC.*

			3. Currículos demasiado grandes que dificultan o emprego de tecnoloxías diferentes na aula.
	CONTORNA	*1. Zona rural con crecente investimento no terreo da conectividade.*	*1. Número importante de alumnado inmigrante con familias cun nivel socioeconómico medio-baixo.* *2. Illamento xeográfico que inflúe en moitos campos, dende a menor oferta de servizos técnicos á ampliación de prazos de espera para a resolución de calquera incidencia que non se poida solucionar a distancia.*
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	*1. Oferta de cursos sobre novas tecnoloxías do Concello.*	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A principal valoración que se fixo a partir da análise DAFO foi que o centro se atopa na senda correcta en canto ao uso das novas tecnoloxías na ensinanza, se ben hai marxe de mellora en varias das áreas da análise.
As áreas elixidas como prioritarias para o vindeiro curso foron as de *Liderado*, *Infraestrutura e equipamento*, *Colaboración e redes*, *Pedagoxía: Apoio e recursos* e *Prácticas de avaliación.*

A partir destas áreas, e sempre tendo en conta o impacto que as medidas poidan ter en toda comunidade educativa, especialmente alumnado e familias, establecéronse como obxectivos a acadar os seguintes:

- Mellorar a comunicación coas familias empregando ferramentas dixitais como o Espazo Abalar.
- Desenvolver unha estratexia dixital de centro.
- Simplificar o uso das aulas virtuais ao alumnado.
- Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.
- Detectar e cubrir necesidade en alumnado adulto en canto a equipamento e formación en novas tecnoloxías.

Desenvolver unha estratexia dixital de centro

Unha das cuestións que se revelou claramente como unha debilidade á hora de facer a análise DAFO, foi que entre o claustro non se percibe que exista unha estratexia de centro. Asi pois, co obxecto de concretar e facela visible, marcouse como indicador que o 70% do profesorado coñeza a súa existencia.
Para isto presentarase ao equipo TIC, e artellaranse un grupo de accións ao longo do curso tales como entregar información sobre ferramentas tecnolóxicas, titorizar aos docentes sobre o seu uso e facer seguimento dos progresos e grao de implementación.

Mellorar a comunicación coas familias empregando ferramentas dixitais como o Espazo Abalar.

Pretendemos facilitar a comunicación entre familias e o centro unificándoa na medida do posible a través dunha canle: o Espazo Abalar. Tamén propoñeremos que o profesorado use tamén ese espazo para compartir información relativa ás titorías dos grupos.
Os elementos que indiquen se se acada o obxectivo serán a porcentaxe de profesorado (80%) e titores (100%) que permiten xustificar faltas a través de Espazo Abalar e a porcentaxe de profesorado (80%) que solicita e comparte información de titorías en Abalar.
Co obxecto de conseguir esas proporcións, recolleranse estatísticas sobre o profesorado que actualmente está a usar Abalar (aínda que esa cifra non se coñece exactamente, intúese que é baixa). Promoverase entre as familias a descarga e uso da aplicación Abalar móbil e guiarase ao equipo docente para que saiba como usar as devanditas aplicacións.
O obxectivo debería acadarse para o final do primeiro trimestre.

Simplificar o uso das aulas virtuais ao alumnado.

Debido á irrupción da pandemia provocada polo Covid houbo que adaptar os medios para poder continuar coa labor educativa. Entre outras accións, o profesorado que impartía docencia en cursos non inmersos no programa Edixgal tivo que crear materias na Aula virtual do centro.
Actualmente o centro participa no programa Edixgal en toda a ESO pero non en todas as materias. Moitas veces o alumnado dun grupo ten materias en Edixgal e na Aula virtual, o que entorpece e dificulta o seu traballo.
Tentarase simplificar esta situación colocando, na medida do posible, as materias da ESO en Edixgal.
Traballarase, ademais, para que todo o alumnado de ensinanzas non obrigatorias estea matriculado na Aula virtual nas respectivas materias.
Por último unificarase o método de nomenclatura dos cursos para así facilitar ao alumnado a súa experiencia en aulas virtuais.
Considerarase logrado o obxectivo se ao final do primeiro trimestre o 90% de cursos na Aula virtual teñen o alumnado matriculado, a nomenclatura do 90% dos cursos ten en primeiro lugar o nome da materia e hai menos dun 10% de cursos da ESO en cada nivel aloxados na Aula virtual en vez de en Edixgal.
Os administradores das aulas virtuais colaboraran cos docentes en todos eses procesos e avaliarán o grao de consecución do obxectivo.

Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.

Outra das áreas peor valoradas é a de Prácticas de Avaliación. A pesar de que nos últimos anos houbo moitas melloras á hora de comunicar ao alumnado como se lle está avaliar e que é o que necesita facer para lograr aprobar, a chegada das novas ferramentas pode subir un chanzo nesa misión.
Neste caso crearase un grupo de traballo onde, despois de recibir formación, se realicen rúbricas de avaliación interdisciplinares e se comece a usar a avaliación a través das ferramentas das aulas virtuais. Para xuño preténdese ter creadas e probadas cando menos 5 rúbricas e que o 40% do claustro use a avaliación a través de aulas virtuais.

Detectar e cubrir necesidade en alumnado adulto en canto a equipamento e formación en novas tecnoloxías.

O IES Monte Castelo é un dos centros con maior oferta educativa da comunidade. Entre outros oferta varios ciclos tanto de grao medio como superior, o Bacharelato para adultos semipresencial e tamén a ESA. Como consecuencia hai un gran número de alumnado adulto que, ou ben non dispón de equipamento adecuado, ou ben non ten adquiridas as competencias dixitais necesarias, ou ambas.
Para paliar isto trataremos de localizar ás persoas nesa situación e cubrir as súas necesidades tanto de recursos como de formación.
Consideramos como básico que todo o alumnado dispoña de dispositivos dixitais e trataremos de que un 80% do alumnado adulto con carencias competenciais a principios de curso, teña adquirido un nivel de usuario para finais de xuño.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O equipo TIC ven detectando que unha parte dos equipos informáticos están a dar problemas de diversa índole debido á súa antigüidade. As necesidades máis perentorias son:

- 2 ordenadores para postos de xestión e administración, dos cales un debería ser de sobremesa para a Conserxería e outro portátil para a Dirección.
- 2 equipos ultraportátiles para poder dispoñer deles nas múltiples actividades complementarias que se organizan (en espazos como o pavillón, a aula de usos múltiples ou o patio)
- Equipos para o uso nos departamentos. Faría falta renovar os das aulas-departamento de Tecnoloxía, Educación Plástica e Visual, Laboratorio de Ciencias e departamentos de Ciencias, Linguas e Sanitaria.
- 1 portátil na Biblioteca para consulta do alumnado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": Colaboración e redes			
OBXECTIVO 1:	(B5) Mellorar a comunicación coas familias empregando ferramentas dixitais como o Espazo Abalar	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Equipo TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado e titores que permiten xustificar as faltas a través do Espazo Abalar. Porcentaxe de profesorado e titores que usa Abalar como medio para recoller información para as titorías		
Valor de partida	Porcentaxe descoñecido de profesorado e titores que permiten xustificar as faltas a través do Espazo Abalar. Porcentaxe descoñecido de profesorado e titores que usan Abalar como medio para recoller información para as titorías.		
Valor previsto e data	80% do profesorado da ESO e Bacharelato e 100% dos titores desas etapas permiten xustificar as faltas a través do Espazo Abalar. 80% do profesorado e 100% dos titores usan Abalar como medio para recoller información para as titorías.(ESO e BAC)	Fin do primeiro trimestre	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Recoller información sobre a proporción de docentes que non permiten a xustificación das faltas do alumnado a través do Espazo Abalar e de os que non o usan para compartir información para as titorías.	Equipo TIC	Setembro	Correo corporativo, Aula virtual, Espazo Abalar		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO1.2: Promover que as familias que aínda non o teñen instalado instalen AbalarMóbil nos seus teléfonos.	Equipo Directivo	Outubro	AbalarMóbil aplicación. Páxina web do centro con video titoriais.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

A01.3:Explicar ao claustro como proceder, tanto para permitir a xustificación a través de Abalar como para usar o Espazo para a colleita de información para as titorías.	Equipo TIC	Outubro	Correo corporativo, Aula virtual, Espazo Abalar. Aula con PDI.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Establecer o Abalar entre o profesorado como o método de recolleita de información para as titorías e de xustificación de faltas.	Equipo Directivo	Decembro	Abalar en distintos formatos: móbil, Pro, web...		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Liderado						
OBXECTIVO 2:	(A1) Desenvolver unha estratexia dixital de centro				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Equipo TIC				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que está de acordo con que o centro conta cunha estratexia dixital.					
Valor de partida	Menos do 20% do profesorado está de acordo con que o centro conta cunha estratexia dixital.					
Valor previsto e data	70% do profesorado está de acordo con que o centro conta cunha estratexia dixital.			Xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO2.1: Informar a todo o profesorado da composición do equipo	Equipo TIC	Setembro	Correo corporativo		**Realizada**	
					Aprazada	

TIC e do material a disposición da					**Pendente**	
AO2.2: Entregar a principio de curso un cartafol coas ferramentas tecnolóxicas (EDIXGAL, Aula virtual, Espazo abalar, etc.) que se deben usar no centro educativo	Equipo TIC	Setembro	Correo corporativo		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A02.3: Facer unha enquisa sobre as preferencias á hora de solicitar formación no uso de novas tecnoloxías.	Equipo TIC	Setembro	Correo corporativo, Aula virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A02.4: Realización de titoriais sobre uso das distintas ferramentas tecnolóxicas	Equipo TIC	Xaneiro	Correo corporativo, Aula virtual, Edixgal, Páxina web da xunta		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A02.5: Seguimento do uso destas tecnoloxías dixitais por parte de profesorado	Equipo Directivo	Xuño	Correo corporativo, Aula virtual, Edixgal		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

"Área/s de mellora": Pedagoxía: Apoio e recursos			
OBXECTIVO 3:	Simplificar o uso das aulas virtuais ao alumnado	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Administradores Aula virtual	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de cursos na Aula virtual do centro para a ESO. Porcentaxe cursos da Aula virtual co alumnado matriculado. Porcentaxe de cursos nomeados co nome da materia primeiro e curso despois.		
Valor de partida	Porcentaxes descoñecidas para todos os indicadores		
Valor previsto e data	Máximo de 10% de cursos para a ESO aloxados na Aula virtual do centro. 90% de cursos da Aula virtual co alumnado matriculado. 90% de cursos nomeados co nome da materia primeiro e curso despois.	Decembro	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO3.1: Comprobar se existen cursos para a ESO na Aula Virtual do Centro.	Administradores Aula Virtual	Setembro	Aula virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Matricular ao alumnado de Bacharelato, FP e Ensinanzas de Adultos na Aula Virtual	Administradores Aula Virtual	Setembro	Aula virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Colaborar co profesorado na creación de cursos en EDIXGAL e na Aula Virtual	Equipo TIC	Outubro	Edixgal, Aula con PDI		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Nomear os cursos indicando primero o nome da	Profesorado	Outubro	Aula virtual, Edixgal		**Realizada**	
					Aprazada	

materia e despois o curso académico.					**Pendente**	
A03.5: Comprobar que todo o alumnado do centro está matriculado nos seus cursos da Aula Virtual.	Administradores Aula Virtual	Novembro	Aula virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación			
OBXECTIVO 4:	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos, Grupo de traballo, Coordinador Plan dixital	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de rúbricas creadas e compartidas nas aulas virtuais. Aumento porcentual de profesorado que usa a función de avaliación nas aulas virtuais		
Valor de partida	0 rúbricas creadas O uso da función de avaliación nas aulas virtuais non está xeneralizado.		
Valor previsto e data	5 rúbricas creadas e compartidas Aumento do 40% de profesorado que usa a función de avaliación nas aulas virtuais	Xuño	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO4.1: Crear un grupo de traballo para deseñar rúbricas e implementar a función de avaliación das aulas	Xefatura de estudos	Outubro	Convocatoria		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

virtuais.						
AO4.2: Coñecer a porcentaxe de docentes que usan a avaliación mediante as aulas virtuais.	Grupo de traballo	Novembro	Aula Virtual do centro, Edixgal		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A04.3: Formación no uso ferramenta avaliación nas aulas virtuais.	Xefatura de estudos, Coordinador Plan dixital	Novembro	Aula Virtual do centro, Edixgal, Aula con PDI		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A04.4: Determinación de tarefas interdisciplinares avaliables mediante rúbricas	Grupo de traballo	Febreiro	Aula Virtual, Edixgal, Aula con PDI		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
A04.5: Creación e publicación das rúbricas.	Grupo de traballo	Final 2º trimestre	Aula virtual do centro, Edixgal		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

“Área/s de mellora”:			
OBXECTIVO 5:	Detectar e cubrir necesidade e alumnado adulto en canto a equipamento e formación en novas tecnoloxías	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo TIC, Titores de Ciclos e Módulos ESA	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado adulto que non está equipado en novas tecnoloxías Porcentaxe de alumnado adulto que non ten formación no uso das TIC		

Valor de partida	Porcentaxe descoñecida de alumnado que non está equipado en novas tecnoloxías Formación no uso das TIC non xeneralizada	
Valor previsto e data	100% de alumnado adulto equipado en novas tecnoloxías 80% alumnado adulto con formación nivel usuario no uso das TIC	Xuño

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO5.1: Detectar as necesidades de material e formación.	Titores dos Ciclos e Módulos, Equipo TIC	Setembro	Listaxe alumnado adulto en todas as etapas.		Realizada Aprazada Pendente
AO5.2: Organizar entrega de equipamento e sesións de formación sobre o uso.	Equipo TIC	Outubro	Folla rexistro		Realizada Aprazada Pendente
A05.3: Realizar entrega do equipamento. Establecer condicións do préstamo.	Equipo TIC	Outubro	Equipamento. Follas compromiso.		Realizada Aprazada Pendente
A04.4: Realizar sesións de formación, se é o caso.	Equipo TIC	Novembro	Aula con PDI		Realizada Aprazada Pendente

4. Avaliación do plan

Ao final de cada trimestre a persoa coordinadora do Plan Dixital, as persoas administradoras das Aulas virtuais e o equipo TIC avaliarán o avance do proceso. Observarase o estado de execución das accións previstas e valoraranse os resultados. De ser o caso estableceranse modificacións e propoñeranse melloras, aplicables ás accións que seguen na temporización deste curso ou ben ao deseño do Plan de Acción de cursos posteriores.
No mes de xuño realizarase unha avaliación final e global de todo o proceso. Cubriranse todas as táboas de obxectivos e farase unha valoración de todos os logros obtidos asi como dos non acadados. Estudarase o impacto real na comunidade educativa e faranse propostas de melloras.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital publicarase na páxina web do centro co obxecto de facelo visible para toda a comunidade educativa.
As comunicacións co profesorado estableceranse a través do correo corporativo. Lembraranse a todos os docentes en reunións de órganos colexiados as estratexias adoptadas e a situación en cada momento.